


BIBLIOTECA ESCOLAR J.A. VALENTE

IES 12 DE OUTUBRO

MEMORIA PLAMBE 2020-2021



Novo logo creado por África Franco 4º ESO



Se de algo estamos orgullosos este curso é do proxecto para **decorar os 52 chanzos** do centro, dende o hall ata as aulas do bacharelato, con títulos de obras escritas por mulleres. O traballo de selección foi complexo, no mesmo colabora toda a comunidade escolar. Xa en setembro pedimos ó profesorado participase na escolla das súas **10 obras imprescindíbeis**, publicadas na páxina do centro. Para coñecer as preferencias do alumnado traballouse coa base de datos Meiga e os libros máis prestados. Cunha complexa tarefa de deseño o

resultado non puido ser mellor e a súa repercusión desbordounos. Múltiples medios escritos e audiovisuais tomaron como referencia ós nosos chanzos, e o que é máis importante, multitude de centros de toda España inspiráronse no Doce para mudar con literatura os seus centros. [Este artigo publicado na Voz](#) e as verbas de Irene Vallejo resumen a nosa historia de amor pola literatura e a igualdade de oportunidades.



irenevallejomoreu • Siguiendo ...

irenevallejomoreu En el IES 12 de Outubro de Ourense, los escalones son, por arte de magia, lomos de libros.

Dicen que para subir al cielo se necesita una escalera grande y una chiquita. Me emociona formar parte de una ascensión tan bonita, gracias por convertir el junco en un peldaño. #Grazas

@siruelaediciones

Les gusta a luis_visualq y 1.395 personas más



I AVALIACIÓN

-Colaboración co departamento de Bioloxía no **Día da ciencia en galego** no mes de novembro. Este ano quixemos render unha homenaxe poética ás nosas árbores e ás mulleres como creadoras de vida. Para isto contamos coa inestimable axuda das nais do noso alumnado elaborando un fermoso [vídeo sobre a maternidade](#). Os alumnos e alumnas do bacharelato prepararon un xornal moi especial A 12 grados baixo ciencia (ver material complementario)

2



-Mes da literatura de medo co gallo do *Samaín* en Novembro, cunha **exposición das cabazas**, un concurso de epitafios, e lecturas dramatizadas.



-Para conmemorar o 25 de novembro aumentamos os fondos da Feminoteca con un expositor permanente e tinguímos de negro o centro visibilizando o compromiso diario do Doce coas violencias machistas.



-Celebramos o Nadal, convocando un concurso de tarxetas en colaboración co Equipo de Normalización Lingüística e o Departamento de Debuxo, que foron expostas nos paneis da biblioteca. O profesor de Debuxo, David López Gesto colabora creando a escultura do Apalpador que deixa a todos sen palabras.



II AVALIACIÓN

-**Celebramos o entroido** dun xeito moi especial, cada día cun motivo alusivo a unha temática concreta. [A Voz de Galicia](#) faise eco da nosa iniciativa.



-**Celebramos o día de Rosalía** colgando grandes pancartas coa imaxe da autora por todo o centro, e levando á propia Rosalía ó instituto. [Instalamos un Photocall](#) co rostro da autora de Follas Novas . E completamos esta data tan sinalada coa [elaboración de caligramas](#) cos poemas da autora e un [vídeo musical](#) a ritmo de rap con moito éxito nas nosas redes sociais.



-O curso pasado tiñamos planificada a visita para o 16 de marzo de Espido Freire, a pandemia rachou as nosas ilusións... Co obxectivo de darlle prioridade ao deseñado en época precovid puxémonos en contacto coa autora para que visitase o centro. **O 15 de marzo de 2021, Espido Freire, aínda hoxe a muller máis nova en gañar o Planeta, estaba no seu chanzo do 12, Irlanda,** pechando o círculo iniciado o exercicio pasado. E por suposto, [presentando, no Salón de Actos](#), o seu último libro : *Tras los pasos de Jane Austen*. Ocupar a portada do [Faro de Vigo](#) (edición Ourense) foi todo un logro. Nun tempo no que as loitas políticas

5

e o Covid monopolizan os diarios que unha noticia cultural vinculada a un centro público de Secundaria sexa a capa principal dun diario tan popular é unha pequena milagre.



-Participamos **na homenaxe polo pasamento da nosa compañeira Mariolanda Mosquera Paans**, coa colocación dunha placa na súa memoria e a convocatoria dun concurso de relatos en inglés.



I Certame de Relatos Curtos en Inglés «Mariolanda Mosquera Paans» IES 12 de Outubro (Ourense)

Bibliotecas escolares do Galicia

Dirixido: ao alumnado do IES

Tres categorías:

- ♣ 1º e 2º ESO
- ♣ 3º e 4º ESO
- ♣ 1º e 2º Bacharelato

Data límite de recepción de curtos: **29 de xaneiro**

Organizan: DEPARTAMENTO DE INGLÉS E BIBLIOTECA



-**Día da muller traballadora**, elaboramos en colaboración co Departamento de Debuxo, un teléfono móbil de dous metros de alto, con motivos alusivos á conmemoración e coa finalidade de darlle a posibilidade ó alumnado de facerse un selfie e publicalo nas súas redes sociais. De novo un exitazo.

III AVALIACIÓN

-Presentación de *Atlas* de Alba Cid entre o alumnado de 4º da ESO e creación dun [muro de Analogías artísticas poetizadas para participar](#) na CREAcción do Día do Libro 2021. **Premiado por Bibliotecas escolares.**



7

-**Certame de Microrrelatos** coa colaboración da **AMPA** para conmemorar o día das Letras dedicado a Xela Arias.



-Celebramos o día do libro cun **concerto na biblioteca** dun grupo, os TDAH'S, nado no centro e formado por alumnos de I de Bacharelato.



8

-A pesar da pandemia **elaboramos o noso maio** para dar a benvida a primavera e levamos a nosa creación o [primeiro Domingo de maio pola rúas de Ourense.](#)



-**Presentación de *Os nenos da Variola* de María Solar.** En tempos de pandemia, o exemplo que representan os protagonistas do texto de María e a súa capacidade como comunicadora, unha das mellores do país, fan desta charla unha das mellores experiencias do curso xerando un amplo debate entre o alumnado.




-12 de maio conmemoramos **o día da muller matemática**, con un panel que reflicte a importancia de tantas mulleres na ciencia. O alumnado elabora fichas de diferentes autoras presentes na biblioteca.



-En colaboración con Anatomía Aplicada [elaboramos unha revista científica](#), **dándolle protagonismo de novo a ciencia na biblio**. O alumnado expón casos clínicos centrados no aparello músculo-esquelético e resolve tamén os casos empregando o método científico.

-Xunto co Departamento de Estética e a colaboración do alumnado de Ciclos Formativos **recreamos a escritoras como Mary Shelley, Sylvia Plath ou Agatha Christie**, porque a biblioteca tamén é dos ciclos. Biblioteca sempre aberta por reformas.



- Destacamos durante todo o curso a implicación das familias . Un exemplo e o **Club de Lectura de pais e nais**, este curso celebrado **vía Webex**, contando coa presenza de autores como Manuel Esteban, *A vinganza dos homes bos*, ou [Manuel Jabois, Miss Marte](#).

Hoxe chegoume este agasallo!
Unha nova lectura que promete!
Grazas [#Carlos @outubristas](#)
descubrindome outros mundos!
Momentos impagables!

[Traducir Tweet](#)

